



Concello do Carballiño

CONDICIÓN TÉCNICAS

1.- OBXECTIVOS

LOTE 1 (CLASES ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO)

Para a Concellería de Cultura, a actividade teatral ocupa un espazo esencial dentro das súas liñas de programación. Mostra disto son as múltiples accións que se veñen realizando dende hai xa moitos anos nos ámbitos da formación, da difusión e da creación escénica.

Entendemos o teatro como unha proposta de lecer que fortalece a relación crítica co entorno social converténdose nunha ferramenta útil non só con elementos de formación cultural, social e relacional das persoas, senón como elemento de prevención social, funcionando como unha canle das enerxías individuais e de grupo que favorecen o fortalecemento do tecido sociocultural.

A actividade dramática tamén debe entenderse como un proceso artístico e, ao igual que calquera experiencia nas artes, debe contemplarse como parte integrante do proceso formativo e educativo dunha persoa. As artes escénicas desempeñan unha importante labor socio-educativa, por iso deben estar presentes no proceso de socialización dende idades temperás.

Obxectivos xerais:

- Ofrecer unha alternativa saudable de ocio e tempo libre.
- Favorecer o desenvolvemento persoal, a integración e a participación social activa.
- Fomentar a creatividade.
- Promover o uso da lingua galega.
- Favorecer a integración de colectivos marxinais.
- Favorecer a creación de agrupacións escénicas locais e a formación das xa existentes.

CLASES QUE SE OFERTAN:

- Grupo infantil: de 6 a 12 anos
- Grupo de iniciación: a partir de 13 anos
- Grupo de perfeccionamento: a partir dos 13 anos

HORARIOS





Concello do Carballiño

Iniciación e Perfeccionamento: 5h/semana

Luns (1+1 h): Iniciación de 20:00h a 21:00h + Perfeccionamento de 21:00h a 22:00h

Xoves (1,5+1,5 h): Iniciación de 19:30h a 21:00h + Perfeccionamento de 21:00h a 22:30h

Infantil: 1h/semana

Luns, de 19:00h a 20:00h

PRAZAS MÁXIMAS

Infantil: 10 prazas por grupo

Iniciación e Perfeccionamento: 15 prazas por grupo

PROBA DE NIVEL

Para o acceso do alumnado novo aos grupos de Iniciación e de Perfeccionamento, establecerase unha proba de nivel que será determinada pola dirección da Escola, baseada en parámetros estritamente docentes e en aptitudes e actitudes dos/das aspirantes de cara a elaborar grupos homoxéneos funcionais e en coñecementos.

Para o alumnado de Iniciación xa existente que desexe formar parte do grupo de Perfeccionamento (exceptuando aquel alumnado que de por si o profesorado considere o seu cambio de grupo tomando como referencia a traxectoria do/a alumno/a), a dirección da escola establecerá a través da mesma proba de nivel que o alumnado novo o seu cambio de grupo, decisión sempre baseada en parámetros rigorosos do persoal docente e de aptitudes e actitudes dos/das alumnos/as.

A proba de nivel será estritamente práctica e realizarase o primeiro día do curso.

PROXECTO DOCENTE

GRUPO INFANTIL (1):

OBXECTIVOS:

- ✓ Aumentar as capacidades expresivas, tanto orais como xestuais, dos integrantes do grupo.
- ✓ Impulsar as competencias lingüísticas en base a xogos de improvisación.
- ✓ Desenvolver a capacidade de traballo en grupo.
- ✓ Utilizar o xogo como estratexia de aprendizaxe de habilidades sociais.
- ✓ Mellorar a concentración, asumindo a importancia do traballo individual no contexto do grupo.
- ✓ Explorar os recursos dos xogos de rol como base para a creación dun espectáculo teatral.
- ✓ Poñer en escena un espectáculo teatral que poida ser estreado no Auditorio de O Carballiño





Concello do Carballiño

MATERIAS:

- Interpretación

A expresión dramática ten efectos enormemente positivos para os máis cativos, impulsando as súas destrezas para traballar en grupo, así como mellorando sensiblemente a súa capacidade de concentración e expresión, tanto oral como corporal. As nenas e nenos participantes neste grupo de teatro infantil verán como, a través dunha serie de propostas baseadas no xogo teatral, irán construíndo entre todos un espectáculo que poida ser gozado por público de todas as idades.

CONTIDOS:

- ✓ Teatro como xogo de roles
- ✓ Teatro como proceso de grupo. Importancia do grupo
- ✓ Expresión corporal. O corpo no espazo. Posibilidades expresivas do noso corpo
- ✓ Expresión oral
- ✓ A creatividade infantil como ferramenta de construción teatral
- ✓ Proceso de posta en escena dun espectáculo teatral

GRUPOS DE INICIACIÓN (1) E PERFECCIONAMENTO (1):

OBXECTIVOS DO GRUPO DE INICIACIÓN:

- ✓ Desenvolver a autonomía e creatividade do actor como elementos necesarios para a súa integración na posta en escena.
- ✓ Aproveitar a improvisación como ferramenta indispensable para a creación escénica.
- ✓ Explorar nas capacidades comunicativas, expresivas e simbólicas do actor no espazo escénico.
- ✓ Aumentar a capacidade de expresión tanto oral como corporal e plástica dos integrantes do elenco.
- ✓ Conformar un elenco que conciba de xeito prioritario o traballo en grupo, tomando conciencia dos principais oficios que participan na creación dun espectáculo: deseñador de iluminación, actores e actrices, directores, escenógrafos, etc.
- ✓ Investigar na creación dun personaxe a través de diversas técnicas e modos de caracterización.
- ✓ Levar a cabo a posta en escena dun espectáculo teatral completo que poida ser estreado no Auditorio de O Carballiño.

OBXECTIVOS DO GRUPO DE PERFECCIONAMENTO:

- ✓ Desenvolver a autonomía e creatividade do actor como elementos necesarios para a súa integración na posta en escena.





Concello do Carballiño

- ✓ Afondar na concentración, a atención e a escoita activa como factores imprescindibles no traballo actoral.
- ✓ Aplicar os coñecementos adquiridos e a práctica teatral, xunto cos novos exercicios de improvisación como ferramenta indispensable para a creación escénica.
- ✓ Explorar nas capacidades comunicativas, expresivas e simbólicas do actor no espazo escénico e continuar asentando coñecementos adquiridos en cursos anteriores.
- ✓ Perfeccionar a capacidade de expresión tanto oral como corporal e plástica dos integrantes do elenco.
- ✓ Conformar un elenco que conciba de xeito prioritario o traballo en grupo.
- ✓ Investigar na creación dun personaxe a través de diversas técnicas e modos de caracterización, empregando e aplicando os coñecementos anteriores e os adquiridos neste novo curso.
- ✓ Levar a cabo a posta en escena dun espectáculo teatral completo que poida ser estreado no Auditorio de O Carballiño.

MATERIAS:

- Interpretación

Nesta materia abordarase esencialmente o traballo do actor como parte fundamental dunha posta en escena. No transcurso dos ensaios, dun modo eminentemente práctico, utilizaranse diversas metodoloxías que permitan adquirir as ferramentas adecuadas como intérpretes á hora de enfrontar á creación dun espectáculo. A través dunha serie de propostas lúdicas, aumentarase a súa capacidade de control emocional, empatía, dispoñibilidade, observación e escoita como motores principais para a interpretación.

CONTIDOS:

- ✓ Teatro como arte cooperativa e social.
- ✓ Expresión corporal. O ritmo de grupo e o ritmo persoal. O corpo no espazo.
- ✓ Expresión oral. A voz como ferramenta de comunicación.
- ✓ A improvisación como ferramenta de creación escénica.
- ✓ A construción dun personaxe. A súa corporeidade e a súa psicoloxía.
- ✓ proceso de creación dunha posta en escena.
- ✓ Ensaios e realización dun espectáculo teatral.

- Plástica escénica

A través da expresión plástica, o alumnado adquirirá coñecementos e técnicas, que xunto coas aptitudes interpretativas, complementarán a creación de personaxes de cara a unha posta en escena. Mediante o uso de elementos escenográficos, caracterizadores e de atrezzo, o alumnado explorará a versatilidade de diferentes materiais e a súa aplicación práctica nunha posta en escena.





Concello do Carballiño

CONTIDOS:

- ✓ Estudo e posta en práctica de coñecementos básicos de: composición, orde, ritmo, equilibrio, forma, posición, perspectiva, simetría, etc, e todos os diferentes conceptos da comunicación visual vinculada coas artes escénicas e plásticas.
- ✓ Estudo e coñecemento práctico de diferentes elementos, técnicas e materiais que son susceptibles de usarse na construción escenográfica.
- ✓ Espazo escénico como hábitat. Realidade vs ficción.
- ✓ A luz na creación escénica. Re-creación de ambientes e o uso da iluminación.
- ✓ A creación de personaxe dende a perspectiva plástica. Análise física e psíquica. Creación de indumentaria e de caracterización.
- ✓ Executar en grupo os coñecementos adquiridos no deseño, creación e realización dunha proposta escénica.

DURACIÓN DO CONTRATO

O curso durará 8 meses de outubro a maio ambos incluídos, iniciándose o contrato dende a adxudicación do mesmo ata 2 anos (dous cursos).

Antes da finalización do prazo, poderase prorrogar ata o máximo dun ano (un curso), por mutuo acordo das partes, sen que esta poida ser concertada de forma illada ou conxuntamente por prazo superior ao fixado orixinariamente.

Si existise a imposibilidade temporal no atraso do cumprimento da execución do contrato por pandemias ou situacións similares de forza maior, procederase á suspensión da execución do contrato ata o cese desta, momento no que se retomaría. Si a imposibilidade fose definitiva ou o atraso do cumprimento impida a finalidade do contrato para ambas partes ou para unha delas, procederase a resolución e á liquidación económica da relación contractual.

ORZAMENTO DISPOSTO

O importe será de 1.003,54 + 21% (210,74 €) 1.214,28 €/mes (ive incluído)

O importe total será de 8.028,32 € + 21% (1.685,94 €) 9.714,28€ (ive incluído)

LOTE 2 (CLASES ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA)

A area de cultura entende que a Escola de Danza debe entenderse como un espazo para coidar o corpo e a mente, un espazo de aprendizaxe e creatividade para todos os cidadáns independentemente da idade, así coma unha oportunidade de relación e interacción social nun espazo lúdico e nun tempo de ocio.

Por medio das clases, o que se pretende é adquirir coñecementos básicos e xerais dalgunhas disciplinas, axudar a mellorar a mobilidade corporal, optimizar as capacidades expresiva dos/das





Concello do Carballiño

nenos/as e así lograr o desenvolvemento integral dos/das alumnos/as mediante esta actividade.

Obxectivos xerais:

- Ofrecer unha alternativa saudable de ocio e tempo libre.
- Adquisición e desenvolvemento dos pasos técnicos aprendidos durante as clases.
- Adquisición e desenvolvemento da memoria coreográfica.
- Desenvolvemento da capacidade de expresión e interpretación artística.
- Fomento de sentimentos de pertenza a un grupo participando unha meta común sen atender a factores de idade, grupo social, personalidade, etc.
- Espertar sentimentos de empatía e respecto mutuo entre as distintas persoas.
- Implicación e participación das familias do alumnado no proceso da mostra artística: preparación de vestiario e asistencia aos ensaios de fin de curso.

Obxectivos específicos:

- Experimentar coas diferentes técnicas como métodos de expresión artística.
- Espertar no/a alumno/a o amor pola danza.
- Practicar danza e deporte xuntos non só por prescrición médica, senón por pasar o tempo, fortalecer musculatura e garantir un estado máis ou menos saudable.
- Concienciar da necesidade de participar noutras disciplinas para manter a saúde mental e física.
- Achegar aos participantes ós diferentes tipos de bailes e outras disciplinas.
- Trasladar o aprendido nas clases a su entorno cotián.

METODOLOXÍA

- Atención á diversidade do alumnado
- Flexibilidade en métodos e ferramentas no proceso do ensino e adaptación ao ritmo e evolución da aprendizaxe do alumno/a e de cada grupo-nivel
- Aprendizaxe de forma divertida
- Identificación de fallos técnicos a nivel individual e/ou de grupo para facilitar a súa mellora na marcha
- Uso da técnica de imitación tanto na execución adecuada como da execución non adecuada para explicar contidos, pasos e coreografías do alumnado
- Como broche final realizarase unha mostra de fin de curso para expoñer cara ao público o aprendido





Concello do Carballiño

DURACIÓN DO CONTRATO

O curso durará 8 meses de outubro a maio ambos incluídos, iniciándose o contrato dende a adxudicación do mesmo ata 2 anos (dous cursos).

Antes da finalización do prazo, poderase prorrogar ata o máximo dun ano (un curso), por mutuo acordo das partes, sen que esta poida ser concertada de forma illada ou conxuntamente por prazo superior ao fixado orixinariamente.

Si existise a imposibilidade temporal no atraso do cumprimento da execución do contrato por pandemias ou situacións similares de forza maior, procederase á suspensión da execución do contrato ata o cese desta, momento no que se retomaría. Si a imposibilidade fose definitiva ou o atraso do cumprimento impida a finalidade do contrato para ambas partes ou para unha delas, procederase a resolución e á liquidación económica da relación contractual.

CLASES QUE SE OFERTAN E NÚMERO DE GRUPOS SEGUNDO DISCIPLINA:

CLASES DE ZUMBA FITNESS

Temporalización: 1 día á semana cun total de 1 hora/semana

Nº de grupos: 1

CLASES DE PILATES

Temporalización: 1 día á semana cun total de 1 hora/semana

Nº de grupos: 1

CLASES DE RITMOS LATINOS

Temporalización: 1 día á semana cun total de 1 horas/semana

Nº de grupos: 1

CLASES DE FUNKY

Temporalización: 2 días á semana cun total de 2 horas/semana

Nº de grupos: 2

ORZAMENTO DISPOSTO

O importe total será de 9.917,36 € + 21% (2.082,64 €) 12.000,00 € (ive incluído)

Extracto por disciplinas: no cadro de orzamentos.





Concello do Carballiño

2.- CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DOS SERVIZOS.

Lote 1 (CLASES DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO)

O contrato incluirá as seguintes prestacións:

1.- A prestación do servizo de impartición das clases farase conforme a seguinte distribución anual máxima de participantes e horas.

CLASES DE TEATRO	Nº MÁXIMO ALUMNOS	Nº ESTIMADO HORAS DOCENCIA *
A. CLASES DE TEATRO - 8 meses de outubro a maio ambos incluídos - 6 horas/semana (distribuídas en luns e xoves de sesións de 60 ou 90 min.) - 3 grupos (segundo idades e niveis) - Realización dunha mostra teatral a finais de curso	45	185
TOTAL	45	185

*Non están engadidas as horas necesarias para preparar as mostras dos traballos realizados durante o curso. Ademais poden variar debido aos días festivos.

2.- O adxudicatario encargarase de realizar a apertura e o peche da instalación onde se desenvolven as clases, o acendido da iluminación principal da sala e do aire acondicionado no caso de ser necesario

3.- O adxudicatario deberá controlar a entrada e a saída do alumnado antes do inicio das clases e despois da súa finalización. O control será especialmente exhaustivo no caso do alumnado do grupo





Concello do Carballiño

infantil. En todo caso deberá ter en conta as persoas autorizadas para facer a recollida do alumnado e o alumnado que ten permiso para abandonar a instalación pola súa propia conta.

4.- O adxudicatario deberá programar ao ano como mínimo unha mostra dos traballos realizados durante o curso de todos os grupos, nas datas e lugares que estimen máis oportunos os responsables municipais en consenso coa dirección da escola. O tempo empregado en ningún caso suporá un incremento do custo final do servizo, aínda que supoña un incremento de horas de ensaio para elo. Nese caso o adxudicatario deberá solicitar con antelación un programa de horas de ensaio no auditorio co fin de coordinar a ocupación do espazo debido á programación xa existente. Os posibles gastos de vestiario ou escenografía que podan producirse correrán a cargo do adxudicatario.

5.- O adxudicatario deberá aportar o persoal profesional cualificado que requira a realización da actividade coa suficiente experiencia para impartir as clases que son obxecto deste prego e con estrito cumprimento da normativa vixente en materia laboral, de seguridade social e hixiene no traballo. As funcións principais a desempeñar polo persoal contratado serán as seguintes:

- ✓ Impartir as clases nas datas e nos horarios fixados polos responsables técnicos da área de cultura, utilizando unha metodoloxía amena e individualizada acompañada de traballos e experiencias colectivas.
- ✓ Realizar o seguimento de grupo e individual das persoas participantes nas clases.
- ✓ Valorar cos responsables municipais o material didáctico necesario para o correcto desenvolvemento das clases.
- ✓ Elaborar e presentar unha memoria final ao remate de cada curso.

6.- O adxudicatario, independentemente do material do que poda dispoñer o Concello, deberá aportar todo o material de uso individual e colectivo necesario para o correcto desenvolvemento das clases durante todo o ano e suficiente para todo o alumnado.

7.- A prestación do servizo poderá executarse os luns e xoves en horario de tarde-noite.

8.- A prestación do servizo poderá executarse de forma excepcional en espazos abertos existentes no concello ou noutras instalacións municipais distintas ao Auditorio municipal

9.- O adxudicatario deberá manter limpo e en perfecto estado de conservación todo o equipamento, o mobiliario, o material e as instalacións do auditorio municipal. En caso de resultar danado por unha mala utilización, o adxudicatario estará obrigado a repoñelo e deixalo no seu estado inicial.

10.- O concello só pagará as horas de impartición efectiva de clases segundo o calendario establecido inicialmente. As clases suspendidas por causas alleas á entidade municipal deberán ser recuperadas en canto sexa posible, previa consulta á totalidade de persoas participantes nos grupos





Concello do Carballiño

correspondentes e solicitando ao departamento de cultura autorización do uso das instalacións fóra do horario habitual.

11.- Co obxectivo de facilitar a confirmación de baixas e altas de participantes, o adxudicatario deberá levar o control da asistencia do alumnado, as actividades programadas dentro da instalación, as incidencias e toda aquela información que deba ser contemplada por escrito. Toda esta información deberá ser comunicada con periodicidade mensual aos responsables técnicos municipais.

12.- O adxudicatario responsabilizarase do pagamento do canon á SGAE polo uso do repertorio musical nas clases.



Lote 2 (CLASES ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA)

O contrato incluirá as seguintes prestacións:

1.- A prestación do servizo de impartición das clases farase conforme á seguinte distribución anual máxima de participantes, horas e actividades complementarias:

CLASES - DISCIPLINAS	Nº MÍNIMO E MÁXIMO DE ALUMNOS POR GRUPO	Nº ESTIMADO HORAS DOCENCIA*
A. Clases de Zumba Fitness - 8 meses de outubro a maio ambos incluídos - 1 hora/semana (distribuídas de luns a xoves en sesións de 50 min. en horario de tarde-noite) - 1 grupo	Mínimo: 10 Máximo: segundo aforo local	32 h
B. Clases de Pilates - 8 meses de outubro a maio ambos incluídos - 1 hora/semana (distribuídas de luns a xoves en sesións de 50 min. en horario de tarde-noite) - 1 grupo	Mínimo: 10 Máximo: segundo aforo local	32 h
C. Clases de Ritmos latinos - 8 meses de outubro a maio ambos incluídos - 1 hora/semana (distribuídas de luns a xoves en sesións de 50 min. en horario de tarde-noite) - 1 grupo	Mínimo: 10 Máximo: segundo aforo local	32 h
D. Clases de Funky - 8 meses de outubro a maio ambos incluídos - 2 horas/semana (venres en sesións de 50 min. en horario de tarde-noite) - 2 grupos	Mínimo: 10 Máximo: segundo aforo local	64 h
TOTAL		160 h

*Poden variar debido aos días festivos.

2.- O adxudicatario encargarse de realizar a apertura e o peche da instalación onde se desenvolven as clases, o acendido da iluminación principal de sala e do aire acondicionado no caso



de que fose necesario.

3.- O adxudicatario deberá controlar exhaustivamente a entrada e a saída do alumnado antes do inicio das clases e despois da súa finalización. O control será especialmente exhaustivo no caso do alumnado de grupos infantís. En todo caso deberá ter en conta as persoas autorizadas para facer a recollida do alumnado e o alumnado que ten permiso para abandonar a instalación pola súa propia conta.

4.- O adxudicatario deberá programar ao ano como mínimo unha exhibición ou mostra final dos traballos realizados durante o curso, nas datas e lugares indicados polos responsables municipais e que estimen máis oportunas. O tempo empregado en ningún caso suporá un incremento do custo final do servizo, aínda que supoña un incremento de horas de ensaio para elo. Nese caso o adxudicatario deberá solicitar con suficiente antelación un programa de horas de ensaio no auditorio co fin de coordinar a ocupación do espazo debido á programación xa existente. Os posibles gastos que podan producirse na preparación da mostra correrán a cargo do adxudicatario.

5.- O adxudicatario deberá aportar o persoal profesional cualificado que requira a realización da actividade coa suficiente experiencia para impartir as clases que son obxecto deste prego e con estrito cumprimento da normativa vixente en materia laboral, de seguridade social e hixiene no traballo.

6.- As funcións principais a desempeñar polo persoal contratado (monitores das distintas disciplinas) serán as seguintes:

- ✓ Impartir as clases nas datas e nos horarios fixados polos responsables técnicos do departamento de cultura, utilizando a metodoloxía citada no apartado 1 do prego.
- ✓ Realizar o seguimento de grupo e individual das persoas participantes nas clases.
- ✓ Valorar cos responsables municipais o material didáctico necesario para o correcto desenvolvemento das clases.
- ✓ Elaborar e presentar unha memoria final das clases impartidas ao remate de cada curso.

7.- O adxudicatario, independentemente do material do que poda dispoñer o Concello, deberá aportar todo o material de uso individual e colectivo necesario para o correcto desenvolvemento das clases durante todo o ano e suficiente para todo o alumnado, tales coma colchóns, balóns, cordas, etc.

8.- A prestación do servizo poderá executarse e estenderse de luns a venres e en horario de tarde-noite segundo a disciplina e as idades dos alumnos.

9.- A prestación do servizo poderá executarse de forma excepcional en espazos abertos existentes no concello ou noutras instalacións municipais distintas ás propostas inicialmente. Incluír a realización de actividades complementarias fóra do local habitual formando parte de programacións culturais sempre que os responsables do departamento de cultura o consideren oportuno.



10.- O adxudicatario deberá manter limpo e en perfecto estado de conservación todo o equipamento, mobiliario, material e as instalacións dos lugares de prestación do servizo. En caso de resultar danado por unha mala utilización, o adxudicatario estará obrigado a repoñelo e deixalo no seu estado inicial.

11.- Co obxectivo de facilitar a confirmación de baixas e altas de participantes, o adxudicatario deberá levar o control da asistencia do alumnado, as actividades programadas dentro da instalación, as incidencias e toda aquela información que deba ser contemplada por escrito. Toda esta información deberá ser comunicada con periodicidade mensual aos responsables técnicos municipais.

12.- O concello só pagará as horas de impartición efectiva de clases segundo o calendario establecido inicialmente. As clases suspendidas por causas alleas á entidade municipal deberán ser recuperadas en canto sexa posible, previa consulta á totalidade de persoas participantes nos obradoiros correspondentes e solicitando ao departamento de cultura autorización do uso das instalacións fóra do horario habitual.

CADRO DE ORZAMENTO MÁXIMO

CLASES	Nº horas	Nº alumnos	ORZAMENTO DE LICITACIÓN	LOTE
TEATRO	185		9.714,27 € (ive incluído)	1
Total Lote 1			9.714,27 € (ive incluído)	
ZUMBA FITNESS	32	Mínimo: 10 Máximo: segundo aforo local	2.420 € (ive incluído)	2
PILATES	32	Mínimo: 10 Máximo: segundo aforo local	2.420 € (ive incluído)	2
RITMOS LATINOS	32	Mínimo: 10 Máximo: segundo aforo local	2.420 € (ive incluído)	2
FUNKY	64	Mínimo: 10 Máximo: segundo aforo local	4.840 € (ive incluído)	2
Total Lote 2			12.100 € (ive incluído)	
TOTAL (Lote 1 + Lote 2)			21.814,27 € (ive incluído)	



3.- OTRAS CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DOS SERVIZOS.

- a) O persoal que o adxudicatario adscriba ao contrato en ningún caso tomará condición de persoal do Concello do Carballiño.
- b) O persoal proposto polo adxudicatario deberá manter sempre e inescusablemente o segredo profesional. Os datos persoais das persoas participantes nas actividades non serán utilizados, nin vendidos, nin traspasados a ningunha empresa, nin poderán ser utilizados para ningún outro fin distinto ou derivado da prestación obxecto do presente contrato.
- c) O adxudicatario deberá contar con persoal que supla ao proposto inicialmente por motivos de baixa ou calquera outra circunstancia non imputable ao concello, de forma que o servizo nunca quede desatendido. Este persoal deberá acreditar como mínimo un nivel de formación igual co esixido ao profesional encargado inicialmente da prestación do servizo.
- d) O adxudicatario admitirá como participantes nas distintos actividades unicamente ás persoas que se indique dende a area de cultura. En todo caso, o adxudicatario poderá orientar sobre o perfil e características das persoas participantes.
- e) O Concello fixará os prezos públicos das actividades segundo as ordenanzas municipais e realizará os cobros correspondentes.
- f) O concello determinará o número mínimo e máximo de participantes en cada actividade e xestionará as inscricións e matrículas correspondentes.
- g) O concello poderá anular aquelas actividades nas que non exista demanda, nas que exista un número reducido de participantes ou no caso de que se produza outra circunstancia que xustifique a súa anulación.
- h) O adxudicatario aportará todo o material (funxible ou inventariable), que sexa necesario para o desenvolvemento das actividades, independentemente do material específico de propiedade municipal que xa exista nas instalacións municipais e salvo o material de uso individual das persoas participantes.
- i) O adxudicatario deberá responder por todos os danos e prexuízos que ocasionen as persoas e bens, derivados do funcionamento do servizo, por dolo ou negligencia.
- j) O adxudicatario responderá dos danos e prexuízos que poidan derivarse, tanto para o Concello como para terceiras persoas, en especial ás persoas participantes nas actividades, do funcionamento dos servizos prestados por dolo ou negligencia. Para ese efecto, o adxudicatario deberá ter subscrita unha póliza de seguro de responsabilidade civil. A póliza deberá manterse en vigor ata a finalización do servizo. O Concello de Carballiño poderá esixir ao contratista a presentación do xustificante acreditativo do pago da prima correspondente en calquera momento, aos fins de verificar a vixencia da póliza inicialmente subscrita.
- k) Segundo o artigo 13.5 da Lei de protección xurídica do menor, de modificación parcial do



Código civil e da Lei de axuízamento civil, que se atopa en vigor desde o 18 de agosto de 2015, será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ter sido condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual. Ao abeiro deste artigo, a empresa adjudicataria deberá achegar ao Concello do Carballiño unha declaración responsable de que todo o persoal ao que corresponde a realización destas actividades cumpre o requisito previsto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996. O Concello do Carballiño terá a facultade de esixir a inmediata substitución do empregado da contrata afectado de xeito sobrevido polo incumprimento desta obriga.

4.- CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

As tipificadas como faltas moi graves no prego técnico.

5.- EXECUCIÓN DEFECTUOSA E PENALIDADES

5.1.- As infraccións que cometa o adjudicatario poderán ser cualificadas do seguinte xeito:

A. Faltas administrativas leves:

- a) O descoido ou mera negligencia no cumprimento das obrigas contractuais que non leven consigo prexuízos apreciables na prestación dos servizos.
- b) O incumprimento das obrigas establecidas nos pregos ou compromisos que deriven da súa oferta cando non teñan consecuencias graves para o desenvolvemento do servizo.
- c) A incorrección dos profesionais da empresa adjudicataria co persoal do Concello ou cos usuarios relacionados coa prestación do servizo
- d) O atraso inxustificado no cumprimento do horario que non impida a realización da actividade.
- e) O descoido no mantemento e control do mobiliario, material e instalacións municipais onde se desenvolvan as actividades.

B. Faltas graves:

- a) A desconsideración grave coas persoas participantes nas clases ou co persoal municipal.
- b) A desobediencia reiterada das ordes dadas ao adjudicatario polos responsables municipais.
- c) A reiteración de faltas leves.
- d) O incumprimento das obrigas establecidas nos pregos ou compromisos que deriven da súa oferta cando teñan consecuencias graves para o desenvolvemento do servizo.
- e) A falta de rendemento que afecte ao normal funcionamento do servizo.
- f) O atraso inxustificado no cumprimento do horario que dificulte a realización das actividades.
- g) Neglixencia no mantemento e control do equipamento mobiliario ou material e as instalacións municipais onde se desenvolvan as actividades.



C. Faltas moi graves:

- a) Ceder ou traspasar os servizos obxecto de contratación baixo calquera modalidade ou título, agás que medie autorización municipal.
- b) A interrupción ou suspensión na prestación do servizo sen aviso previo, salvo que concorran circunstancias de forza maior que impidan a comunicación coa debida antelación, ou en caso de folga legal.
- c) O atraso inxustificable no cumprimento do horario que impida a realización da actividade.
- d) A prestación reiterada e manifestamente irregular do servizo.
- e) Coaccións ou ofensas moi graves dirixidas ós usuarios dos servizos ou ao persoal municipal por parte do persoal encargado de impartir as clases.
- f) A vulneración da normativa en materia laboral e de seguridade social de obrigado cumprimento sempre que revista carácter esencial.
- g) A esixencia de percepcións económicas aos participantes das actividades, non debidamente autorizadas.
- h) A reiteración na comisión de faltas graves da mesma natureza.
- i) O incumprimento das obrigas establecidas nos pregos ou compromisos que deriven da súa oferta cando teñan consecuencias moi graves para o desenvolvemento do servizo.

5.2.- Sancións.

- a) As faltas leves, sanción económica por importe de ata 600 €.
- b) As sancións por cada falta grave imporanse en contía comprendida entre 601 € e 1.500 €.
- c) As moi graves sancións en contía comprendida entre 1.501 € e 3.0000 € ou resolución do contrato. En caso de rescisión do contrato por esta causa, o adxudicatario perderá o dereito a seguir percibindo consideración económica ningunha, coa conseguinte perda da fianza constituída.

O Carballiño a data da sinatura dixital do presente documento.

